

Nesta reunión tratáronse dous puntos:

Solicitude de adaptación de complementos para o persoal de mantemento

O Ministerio enviara á COPA en outubro do pasado ano, unha solicitude de asignación do complotto singular E1 (condicións especiais) para o persoal das categorías profesionais M1 (especialidade mantemento xeral e E1 reforma e mantemento de edificios, que están destinados en Delegacións e Subdelegacións.

O complemento solicitado é o de “postos de traballo que conleven unha prestación do servizo de maneira continuada e por temporadas prolongadas nunha localización fora do centro de traballo” (art. 59.5.1.2 apartado 1c.).

Esta solicitude foi denegada porque a COPA entende que todos os servizos onde se presta servizo son centros de traballo e con condicións equiparables entre sí. Nesta reunión, o Grupo de Traballo acordou analizar cada un dos postos desa categoría profesional para ver se se pode facer unha nova solicitude adaptada ós requisitos que pide a COPA.

Adaptación de complementos de postos ocupados pendentes e vacantes de necesaria cobertura.

A Administración propón a adaptación de complementos dunha listaxe de postos que están actualmente ocupados e postos vacantes que entende que deberían ser ocupados. Para financiar este incremento acordouse quitar 7 complementos de posto a postos vacantes.

A CIG manifestouse favorable á adaptación dos postos pero non ó sistema para financeiro.

Entendemos que deixar postos sen os complementos que lle son propios non é o sistema adecuado. A CIG sempre defendeu que a financiación non debe ser a costa de amortizar postos ou complementos. Debe ser a Administración a que aporte o crédito necesario.